

REGULAMENTO XERAL LIGAS GALEGAS TEMPADA 2020-2021

APROBACIÓN: ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 06-02-2021.

REGULAMENTO XERAL

LIGAS GALEGAS

TEMPADA 2020-2021

ÍNDICE:

Artigo 1.- Organización.

Artigo 2.- Patrocinador.

Artigo 3.- Inscripcións.

Artigo 4.- Deportistas.

Artigo 5.- Comité de Competición.

Artigo 6.- Comité de Disciplina.

Artigo 7.- Xuíces e Árbitros.

Artigo 8.- Embarcacións.

Artigo 9.- Especialidades.

Artigo 10.- Regatas Internacionais.

Artigo 11.- Participación en dúas modalidades, por diferente club.

Artigo 12.- Control de Embarcacións, pesaxe e outras normas.

Artigo 13.- Saídas.

Artigo 14.- Peche Control.

Artigo 15.- Uniformidade.

Artigo 16.- Recollida de preseas e trofeos.

Artigo 17.- Cambio de Club.

Artigo 18.- Reclamacións.

Artigo 19.- Ranking galego.

Artigo 20.- Baixas de última hora, en regatas nas categorías: infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns.

Artigo 21.- Premiación Clubs Campionatos Galegos.

Artigo 22.- Embarcacións Mixta (home e muller) en Campionatos Galegos de Pista.

Artigo 23.- Correos e comunicacións.

1. ORGANIZACIÓN

A organización técnica da LIGA 2020-2021, correspóndelle á Federación Galega de Piragüismo en todas as competicións e niveis actuando a través dos seus órganos executivos.

2. PATROCINADOR

O patrocinio correspóndelle á SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA, ás DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS enmarcadas no Convenio de Colaboración coa Federación e Clubs, á propia F.G.P. e ás entidades patrocinadoras das regatas puntuables.

3. INSCRICIÓNS

Cada club poderá inscribir nas distintas competicións, o número de padexeiros que considere oportuno, sempre e cando estes cumpran as normas establecidas no presente regulamento e o de cada competición.

Todos os deportistas inscritos nas competicións solo poderán competir nunha categoría e modalidade, **e polo tanto soamente poderán inscribirse unha sola categoría e modalidade.**

Todos aqueles clubs que tiveran que inscribir algún padexeiro de última hora na mesma regata, poderán facelo no momento da confirmación das inscricións con un importe de 15,00 € o contado por embarcación. **Estas inscricións de última hora deberán realizarse a través do Delegado do Club ou Xefe de Equipo. No caso de que a faqa directamente un deportista, deberá aportar a autorización correspondente do seu club.**

Poderanse facer, sen custe algún para os club, un máximo de 1 baixa por club cada cinco inscritos. Todo o que supere estes números terá un cargo de 10 euros por cada embarcación.

- Unha vez publicadas as inscricións, si houberse algunha categoría que non teña tres barcos inscritos para poder puntuar, poderán cambiar a inscrición a outra categoría sin ter que abonar este cambio.

Cando a inscrición sexa para unha competición de ámbito nacional a celebrar en Galicia, os clubs terán que facer as inscricións a través da aplicación web da RFEF,

segundo os prazos establecidos pola RFEP e axustar a súa inscrición as categorías establecidas pola mesma para esa Liga na presente tempada 2020-2021, aínda que estas non coincidan coas da Liga Galega. A efectos de puntuación de clubs para a Liga Galega se lles asignarán os puntos conforme a clasificación de clubs resultada da proba, extrapolando os datos e quitando os clubs que son de fora de Galicia (e dicir que un club pode quedar 3º na clasificación nacional pero si é o primeiro galego puntuará como primeiro para a liga galega, e así co resto).

- Unha vez publicadas as inscricións provisionais nas regatas de pista, NON se permitiran inscricións de última hora, en ningunha categoría.
- No Campionato Galego Sprint de Veteranos, unha vez publicadas as inscricións provisionais, NON se permite facer cambios non forzados para distintos tramos de idade.

4. DEPORTISTAS

4.1 As/os padexeiros clasificaranse por cuestión de sexo en:

- Mulleres.
- Homes.

4.2 CATEGORÍAS:

- Prebenxamín: nados no ano 2013 en diante.
- Benxamín:
 - * Benxamín "A": nados no ano 2011.
 - * Benxamín "B": nados no ano 2012.
- Alevín:
 - * Alevín "A": nados no ano 2009.
 - * Alevín "B": nados no ano 2010.
- Infantil:
 - * Infantil "A": nados no ano 2007.
 - * Infantil "B": nados no ano 2008.
- Cadete: nados nos anos 2005-2006.
- Xuvenís: nados nos anos 2003-2004.
- Sub 23: nados entre 2002 e 1998 (ambos incluídos).
- Senior: nados ano 1997 e 1987 (ambos incluídos).
- Veteranos: nados no ano 1986 e anteriores.

5. COMITÉ DE COMPETICIÓN

5.1 Cada regata puntuable desta LIGA, terá o seu propio Comité de Competición que se formará da maneira que establecen os regulamentos vixentes na F.G.P. ou R.F.E.P., según lle corresponda a súa competencia.

5.2 As reclamacións ao Comité de Competición, será o paso previo e obrigatorio para a presentación de reclamacións posteriores ou estamentos superiores. No caso de non existir este paso previo, as reclamacións sobre o desenrolo das competicións serán desestimadas.

6. COMITÉ DE DISCIPLINA

6.1 Será o propio Comité da Federación Galega de Piragüismo, que actuará de acordo cos Regulamentos da mesma, independentemente das actuacións doutros Comités nas competicións de ámbito nacional ou internacional.

6.2 Para que os clubs poidan inscribir a calquer deportista para participar nunha competición, este deberá ter a licenza federativa tramitada no momento da realización das inscricións.

7. XUÍCES E ÁRBITROS

O equipo arbitral para cada competición será proposto polo Comité Técnico de Árbitros da F.G.P. ou R.F.E.P., según lle corresponda, a Xunta Directiva da Federación nomeará os Xuíces e Árbitros.

8. EMBARCACIÓNS

- K-1, K-2, K-4, C-1, C-2, C-4.
- Balsa rafting, Dragón, Taboa “Paleo a pé”.

9. ESPECIALIDADES:

- Paracanoé.
- Augas Mansas.
- Ascensos, descenso e Travesías.
- Maratón.
- Recreativo.
- Estilo Libre.
- Caiac de Mar.
- Paleo a pé.
- Caiac surf.
- Sláalom.
- Descenso augas bravas.
- Caiac polo.
- Barco dragón.
- Tódalas modalidades que fixe a F.I.C.

10. REGATAS INTERNACIONAIS.

Varias regatas que se celebran en Galicia terán o nivel de Internacional, para o cal tiveron que presentar un regulamento.

De cara a puntuación nas Ligas Galegas, os regulamentos serán os establecidos para ditas Ligas Galegas.

11. PARTICIPACIÓN EN DÚAS MODALIDADES, POR DIFERENTE CLUB.

Para mellorar e facilitar a participación en modalidades en crecemento e completar equipos, por acordo da Asemblea, a deportistas federados por un club permitiráselle participar por outro club nas modalidades de caiac polo e dragón (podendo facer este cambio hacia un só club durante a tempada), non facendo falla unha segunda licenza. Para poder facer este cambio e poder participar con outro club nestas modalidades (caiac polo e dragón), deberá presentarse un escrito coa autorización previa do seu club.

12. CONTROL DE EMBARCACIÓNS, PESAXE E OUTRAS NORMAS

12.1 Todas as embarcacións deberán levar de forma obrigatoria os correspondentes sistemas de flotabilidade, medidas e pesos que figuran na normativa da I.C.F.

12.2 Nos Campionatos Galegos da modalidade de pista, haberá control de pesaxe, que se fará de maneira aleatoria. Será o equipo arbitral ou membros do comité de competición quenes requiran a presenza dos deportistas para realizar dito control. No resto de competicións de pista, poderá poñerse control de pesaxe, regatas que serán elexidas pola Federación de forma aleatoria.

12.3 Non se prevé realizar control de licencias antes das saídas nas competicións en ningunha regata da Liga, aínda que se fará un control de todos os participantes.

12.4 Os deportistas que entren na meta o remate da competición, poderán ser reclamados para a súa identificación polo equipo arbitral ou os membros do comité de competición.

12.5 Os deportistas están obrigados a levar os sistemas de flotación para todas as embarcacións participantes nas distintas competicións.

12.6 Os deportistas de categoría xuvenil están obrigados a levar o chaleco flotador en tódalas competicións da Liga, incluso cando participen en categoría sénior. Os deportistas cadete están obrigados a levar o chaleco flotador en tódalas competicións da Liga.

12.6.1 En caiac polo, augas bravas (descensos, sláalom, rafting,...) é obrigatorio tamén o casco homologado.

12.7 Os dorsais e “tablillas” facilitados pola organización para a participación nas distintas competicións e que, no caso das “tablillas”, aporten os clubs, deberán ser levados debidamente colocados e visibles, sen dobreces nin enrugadas. No caso de incumprimento será causa de descualificación.

12.8 Recórdase que a colocación de “tablillas” nas canoas poderán realizarse na parte dianteira ou traseira.

12.9 As “tablillas” teñen que ir obrigatoriamente fixadas na embarcación. Tódalas piraguas deberán ter un soporte para a súa colocación. Agás en sláalom, augas bravas, caiac de mar, taboas de paleo a pé, caiac polo é balsas.

12.10 Os organizadores de regatas de ríos, travesías, maratón, caiac de mar; terán que ter previamente a medición correcta do campo de regatas, de cara a establecer o peche de control.

12.10 (1) En competicións de ríos, travesías, maratón e caiac de mar, permítese o uso de achicadores eléctricos.

12.11 En regatas de fondo (5.000 m.) permítese o achicador de pedal.

12.12 En ríos, travesías e fondo (5.000 m.), permítese cubrir as canoas de xeito libre.

12.13 Permítese a utilización de: reloxo, GPS, cámara, etc.

12.14 No caso de que se detectase algunha irregularidade por parte dun club, na primeira vez o clube será sancionado con 0 puntos nesa competición e unha multa de 300 euros. Si se repetise este feito, o club quedará eliminado para o resto da tempada tanto da Liga na que se detecte o fraude como nas outras nas que participe, ademais perdería as posibles subvencións as que tivese dereito nesa Liga sin menoscabo doutras posibles sancións a aplicar según determinen os regulamentos.

12.15 No caso de ocorrencia de accidente dun padexeiro que esté competindo sin estar inscrito, o equipo arbitral e o comité de competición están exentos de toda responsabilidade.

12.16 Nas competicións de ríos, ascensos, travesías, maratón e caiac de mar os XEFES DE EQUIPO deberán asistir (salvo excepcionalidade xustificada) a reunión técnica informativa co Xuíz Árbitro. O club que non asista a reunión non poderá presentar reclamacións sobre o tratado na mesma.

12.17 Para que unha categoría puntúe para a clasificación por equipos deben de tomar parte 3 embarcacións de dous clubs distintos (as embarcacións na que os tripulantes sexan de distintos clubs non se terán en conta)

13. SAÍDAS

Procedemento das Saídas.- Unha vez aliñadas as embarcacións o xuíz de saída dará a mesma, mediante as palabras: Atentos, Xa. As embarcacións que durante o proceso de saída invadan o campo de regatas antes da palabra XA, recibirán un **primeiro aviso que**

suporá 30 segundos de penalización. Se persisten na actitude, un **segundo aviso suporá a descualificación** e deberán abandonar o campo de regatas inmediatamente.

Unha vez pasado o percorrido de 3.000 metros, todo deportista que sexa dobrado (excedido pola cabeza de carreira da súa categoría) deberá abandonar a competición.

A negativa abandonar o campo de regatas será valorada polo Xuíz único, a petición do Comité de Competición da regata.

- Na pista, co sistema automático, non se dan avisos.
- Saídas tipo Descenso do Miño Tui e Baixada do Umia, os padexeiros irán identificados con tablilla na embarcación e dorsal no peito.
- No Campionato Galego de Inverno, coa inclusión da categoría sub 23, as saídas faranse da seguinte forma:
 - . Saída home caiac senior, e saída home caiac sub 23, saídas e regatas independentes.
 - . Saída home canoa senior e saída home canoa sub 23, separadas por 5 minutos.
 - . Saída muller caiac senior e saída muller sub 23, separadas por 5 minutos.
 - . Saída muller canoa senior e muller canoa sub 23, xuntas, mentras non superen as 20 incritas.
- No Campionato Galego de Inverno, na categoría veteranos home caiac, dado o importante número de participantes, e as diferencias de idades; faranse dúas saídas, separadas por cinco minutos.
- No Campionato Galego de Novas Promesas Individual, separanse as categorías A e B de cadetes, polo que as saídas faranse da seguinte maneira:
 - . Cadete home caiac, saídas e regatas independentes.
 - . Cadete muller caiac "A" e "B", saídas con 5 minutos de separación.
 - . Cadete home canoa "A" e "B", saídas con 5 minutos de separación.
 - . Cadete muller canoa "A" e "B", saídas con 5 minutos de separación.

14. PECHE DE CONTROL

As distintas competicións terán un tempo establecido para o peche de control, que contará a partir de:

- En **pista, a partir do primer** padexeiro(a), da categoría, que entre en meta.
- No **resto das modalidades**, a partir do **terceiro** padexeiro(a), da categoría, que entre en meta.

15. UNIFORMIDADE

15.1 Recórdase a os deportistas a obrigación de portar a indumentaria do club durante as regatas, e que ésta debe ser de igual color e forma nos tripulantes que forman as embarcacións de equipo. O incumprimento de esta norma e causa de descualificación.

15.1 As camisetas que teñan o mesmo deseño serán consideradas iguais, sexan de manga curta, asas ou longa.

15.2 Os xefes de equipo e padexeiros deberán portar, de igual forma, a indumentaria do club en actos públicos que se realicen en cada regata de cada unha das Ligas.

15.3 Non se considerará equipación dos clubs as prendas de abrigo (por exemplo, as camisetas térmicas) e os cubre bañeiras.

16. RECOLLIDA DE PRESEAS e TROFEOS

Para a recepción do trofeos nas distintas competicións precisase a presenza física dos galardoados (clubs e deportistas) que deberán persoarse coa uniformidade debida no momento e lugar establecido pola organización.

No caso de forza maior poderá ser recollido polo delegado ou xefe de equipo si o solicita por escrito ao Xuíz Árbitro e este o autoriza. O xefe de equipo poderá delegar a subida o pódium a outro deportista do mesmo sexo e categoría do que non poida subir o pódium.

A non presenza do galardoado no lugar de entrega de trofeos a recollelo mesmo a hora indicada pola organización, e causa de descualificación a tódolos efectos, así como a perda de puntos o club o que pertenza.

Os deportistas premiados, deberán estar dez minutos antes da entrega de premios as instrucións do organizador, nun espazo habilitado ao efecto para eles.

Para dar unha maior solemnidade o acto de entrega de trofeos, rogase ós deportistas e delegados, que NON suban o pódium con nenos ou mascotas.

17. CAMBIO DE CLUB

Se un padexeiro, tendo participado nalgunha regata puntuable dunha Liga por un club determinado, cambia de club, poderá competir na mesma tempada co seu novo equipo, pero non puntuará nesa liga para o novo club aínda que si terá dereito a recibir a súa medalla ou trofeo na competición na que participe no caso de ter dereito a ela.

Se o padexeiro que cambia de club participa có novo formando parte dun barco de equipo (K-2, C-2, K-4 ó C-4), dito barco non puntuará nesa Liga para o club, aínda que os seus padexeiros terán dereito ás medallas ou trofeos que lles correspondan.

As limitacións previstas neste artigo só afectarán á Liga na que o padexeiro tivera participado con club anterior, non a aquelas nas que participe có novo club sen ter participado có anterior na mesma tempada.

18. RECLAMACIÓNS

18.1 Toda reclamación sobre o dereito a participar dalgún deportista ou club deberá ser realizada, por escrito, ante o Comité de Competición ata unha hora antes do comezo da mesma.

18.2 As reclamacións tan só serán atendidas aquelas que sexan presentadas polo Delegado do Club, ou Xefe de Equipo.

18.3 Toda reclamación sobre o desenrolo da regata será presentada perante o Comité de Competición e entregada en man ao xuíz árbitro nun tempo non superior os vinte

(20) minutos da publicación dos resultados ou no momento no que o/a xefe/a do equipo fora comunicado da decisión tomada en contra do seu equipo ou deportista.

18.4 As reclamacións deberán ser realizadas por escrito e acompañadas dunha taxa de **vinte euros (20 €)** que serán devoltas si a mesma e estimada.

18.5 As decisións do Comité de competición son definitivas e poderán ser apeladas, sempre por escrito, ante o Xuíz Único del Comité de disciplina da F.G.P. acompañadas da taxa de **sesenta euros (60 €)** que serán devoltos si a reclamación e estimada.

18.6 No suposto de que por razóns excepcionais non se publicaran os resultados ao remate da competición, poderase presentar unha reclamación a través da F.G.P. vía online, ata 24 horas despois da publicación dos mesmos, achegando o xustificante do ingreso dunha taxa de **vinte euros (20 €)** na conta da F.G.P que será devolta, igualmente ás anteriores, se a mesma é estimada.

19. RANKING GALEGO

En base os resultados das diferentes competicións galegas, realizase un ranking individual dos deportistas.

20. BAIXAS DE ÚLTIMA HORA:

20.1.- REGATAS NAS CATEGORÍAS: INFANTÍS, ALEVÍNS, BENXAMÍNS E PREBENXAMÍNS.

- Poderáanse facer un máximo de 25% de baixas entre os inscritos previamente, sin coste. As baixas que superen esta porcentaxe, deberán abonar 2,5€ por embarcación anulada.
- As embarcacións que sexan inscritas e non participen, si o día da regata non son anuladas, deberán abonar 5€ por embarcación.

20.2.- REGATAS DAS LIGAS PROVINCIAIS:

- Todos aqueles clubs que tiveran que inscribir algún padexeiro de última hora na mesma regata, poderán facelo no momento da confirmación das inscricións con un importe de 5,00 € o contado por embarcación (agás as categorías: infantil, alevín, benxamín e prebenxamíns). Estas inscricións de última hora deberán realizarse a través do Delegado do Club ou Xefe de Equipo. No caso de que a faqa directamente un deportista, deberá aportar a autorización correspondente do seu club.
- Poderáanse facer un máximo de 10% de baixas entre os inscritos previamente, sin coste. As baixas que superen esta porcentaxe, deberán abonar 2,5€ por embarcación anulada.

21. PREMIACIÓN CLUBS CAMPIONATOS GALEGOS.

Nos Campionatos Galegos están establecidas as clasificacións por categorías e modalidades. Ata o de agora entregábanse trofeos os tres clubs clasificados en cada unha de estas categorías e modalidades, facendo moi tediosa a entrega de premios e, incluso que algúns clubs faltasen na entrega o non enterarse de que lle correspondía dito trofeo. O tempo que supón un desembolso económico, que non é correspondido co interés dos clubs por estes trofeos.

Por iso, os clubs que gañen estas clasificacións, serán os Campións Galegos de cada categoría e modalidade, pero NON recibirán trofeo.

22.- EMBARCACIÓNS MIXTAS (home e muller) EN CAMPIONATOS GALEGOS DE PISTA.

Inclúese a categoría de embarcacións mixta (home e muller) nos Campionatos Galegos de Pista, para as categorías: cadete, xuvenil, senior e veteranos; **que non puntuarán**, en iguais condicións que se marcan nos Campionatos de España de Pista.


A participacións dos deportistas nesta modalidade, o non puntuar, non computará na limitación de carreiras a participar por cada deportista no campionato.

23.- CORREOS E COMUNICACIÓNS

Dende a Federación Galega de Piragüismo só se admitirán os correos e comunicación que se fazan a través do correo oficial do club, de non ser así, non serán tidos en conta

Pontevedra, 06 de febreiro de 2021

Vº Bº PRESIDENTE



O SECRETARIO

